



Concello de Chantada (Lugo)

Plaza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA-Tel. 982 44 00 11-Fax. 982 46 21 02 - aytochantada@infonegocio.com


INICIACIÓN DE EXPEDIENTE PARA DECLARAR O MOSTEIRO E CLAUSTRO DE SAN SALVADOR DE ASMA (CONVENTO), BEN DE INTERESE CULTURAL (BIC)

Proposta

Por diversas Asociacións culturais presentouse unha solicitude para que se inste dende este Concello á Xunta de Galicia para que declare Ben de Interese Cultural (BIC) o mosteiro e claustro de San Salvador de Asma (convento), acompañada dun informe asinado polo Licenciado en Teoloxía Pastoral D.José Méndez Pérez, que tamén asina a solicitude.

Considerando que é plausible, razoable e mesmo imprescindible para a boa conservación do ben ao que se refire o escrito presentado que sexa declarado Ben de Interese Cultural, tendo en conta o previsto no art. 9.1 da Lei 8/1995, de patrimonio cultural de Galicia, que di que “*a declaración de ben de interese cultural requirirá a previa incoación e tramitación do expediente administrativo pola Consellería de Cultura. A iniciación do expediente poderase realizar de oficio ou ben por instancia de parte por calquera persoa física ou xurídica*”, proponse que a Comisión informativa correspondente ditamine e o Pleno adopte o seguinte ACORDO:

Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia a tramitar o expediente que leve a declarar BEN DE INTERESE CULTURAL o MOSTEIRO E CLAUSTRO DE SAN SALVADOR DE ASMA (CONVENTO), sito neste Concello de Chantada (Lugo), facendo propios do Concello os criterios e razoamentos para o efecto que figuran no informe de D.José Méndez Pérez, ao que se fai referencia no expositivo deste acordo.




Chantada, 5 de novembro de 2015

O Alcalde,

Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

EXMO. SR. ALCALDE PRESIDENTE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE
CHANTADA




As asociacións abaixo asinantes, xunto co que subscribe o informe, demándanlle que se promova unha actuación urxente, previas as xestións pertinentes e necesarias, sobre o **mosteiro e claustro de San Salvador de Asma (Convento)** polas seguintes razóns:

1º. Polo estado ruinoso en que se atopa un ben cultural da magnitude do citado mosteiro, como pode verse no informe adxunto e no anexo fotográfico.

2º. Polo que supón o acceso a un ben cultural que debe ser coñecido de modo cómodo por calquera visitante ou investigador, e non soamente non o está sendo senón que mesmo se responde de mala maneira aos investigadores e visitantes.

3º. Polo que isto supón a todos os niveis da cultura, a historia e outras dimensións da vila e concello de Chantada.

4.- O presente informe ten o propósito de darlle a coñecer a Vde., e á corporación municipal, esta situación para que, dentro das súas competencias, eleven, a ser posible, por unanimidade a proposta a Xunta de Galicia para que o Mosteiro e clustro sexan declarados Bens de Interese Cultural.



Atentamente, saúdano agardando unha pronta solución a este problema que tanto os visitantes como os veciños e investigadores veñen padecendo desde hai anos.

Chantada, 10 de marzo de 2015

Asinantes:

FDO. JOSÉ MÉNDEZ
DNI.: 33708658-S

DEMANDA DE CULTURA PAIS DO FARO

Pablo González Eyré



DNI.: FG.621.209K.

ASOCIACIÓN AMIGOS DO ROMÁNICO COMARCA de CHANTADA.

Asociación de Amigos do Románico da Comarca de Chantada

CIF: G 27429646

Avda. Portugal, 52, 1ºB.

27500 Chantada - Lugo

FDO. BEGONA GONZÁLEZ AGUIAR
DNI: 34270426-N

FDO. Manuel Riquelme

DNI: 34249072-Z

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CHANTADA

FDO. XARQUÍN LÓPEZ GÓMEZ
DNI 34243274-V

REVISTA ALICERCES

ANDRÉS PAVÓN RAMÍREZ
34259915N

O MOSTEIRO DE SAN SALVADOR

**INFORME SOBRE O SEU ESTADO DE CONSERVACIÓN
E PROPOSTA PARA A SÚA DECLARACIÓN DE
BEN DE INTERESE CULTURAL**

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	2-4
1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA.....	4-6
2.-HISTORIA. FUNDACIÓN E PRIMEIROS PASOS	7-19
a) Abades coñecidos	8
b) Protección real	8-9
c) As relacións coas institucións e persoas do seu entorno.....	10-13
d) Igrexas anexas	13
e) Igrexas de presentación	13-15
f) As relacións con outras entidades monásticas	15-16
g) As relacións co bispo e o cabido de Lugo	16
h) Anexión a San Benito el Real de Valladolid.....	17-18
i) Os priores logo da anexión a San Benito el Real de Valladolid...	18-19
3.- O DOMINIO TERRITORIAL.....	19-30
A) Lista de lugares.....	20
a) Lugares con propiedades ou todo o lugar aforados.....	20-22
b) Viñas.....	22
c) Soutos.....	22
d) Casas na vila de Chantada.....	22-23
d) Bodegas	23-24
e) Muíños	24
B) Igrexas.....	25
a).San Mamede de Pereira	25
b) Santa María de Camporramiro	25
c) Santiago da Riba.....	25-30

4.-PASO DOS FRANCESES.....	31
5.- DESAMORTIZACIÓN	31-32
6.- O CONXUNTO MONÁSTICO COMO CONXUNTO HISTÓRICO- ARTÍSTICO	33
A) O templo.....	34
a) A tapiada porta sur.....	34-35
b) Os canzorros da parte norte.....	35
c) Os canzorros da parte sur.....	35
d) A ábsida.....	35-36
e) Os canzorros absidais.....	36
f) As tres fiestras.....	36
g) A cruz antefixa	37
h) O retábulo maior	37
B) As estancias monásticas	37-38
a) A tapiada porta sur	38-39
b) O claustro: outros restos románicos e doutras épocas.....	39
c) Pinturas.....	39-40
7.- PERTINENCIA DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E RAZÓNS.....	40-45
A) A casa monacal	40-44
B) O templo.....	44-45
8.- A DOCUMENTACIÓN	45-46
9.- BIBLIOGRAFÍA SOBRE ESTE MOSTEIRO	46-50
10.- EFICACIA DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN E APERTURA AO PÚBLICO DAS DEPENDENCIAS: PREVISIÓN	50-51
11.- CONCLUSIÓNS	51-52
ANEXO FOTOGRÁFICO.....	52-53

INTRODUCCIÓN

Hai algúns anos, Jaques Le Goff escribía: *“a memoria colectiva é un dos elementos máis importantes das sociedades avanzadas e en vías de desenvolvemento. A memoria é un elemento esencial ao que hoxe se lle chama a identidade individual ou colectiva”*. Esta afirmación levoume a expresar en conferencias e plasmar en escritos editados e inéditos que:

“A memoria dos pobos perdura a través dos séculos nun arrevesado e complicado camiño. Por iso se modifican, transforman, esquecen e perden, a maioría das veces, dimensións, testemuños, documentos, lugares, construcións, obxectos... irreparables para as xeracións futuras. Ese complicado camiño avén pola peculiar maneira que ten o ser humano, en cada etapa histórica, de ollar para o pasado seleccionando, dende a súa propia cosmovisión, aquilo que pode interesarlle máis ou menos. Agora ben, malia os intereses parciais que cada período da historia ten, estas dimensións, personaxes, documentos, obxectos... ao cabo dun tempo, poden aportar datos de sumo interese para o estudo e comprensión da memoria colectiva. Pois os homes e mulleres da historia non son distintos dos homes e mulleres da vida.

Así é a memoria dos pobos, canto máis se precisa, ás veces, polas mil razóns dos realizacións históricas, máis lonxe vai quedando. En

moitas ocasións vívese e convívese cun tesouro histórico sen coñecelo e sen ter un mínimo de saber sistemático sobre el. As lembranzas son o único que lles quedan ás persoas. Polo tanto, dende un coñecemento que axude a valorar, daremos razón do noso onte e do noso hoxe. Pois unha calquera obra do pasado transfórmase en memoria, se os que a reciben se senten identificados con ela, facéndoa de novo vital". Estas afirmacións, con todas as matizacións que se lles poida facer, son vitais no que atinxe ao tema e problemática do penoso estado no que se atopan as estancias do mosteiro que até 1496 foi abadía. E a partir desta data, até o Trienio Liberal (1820-1823), en que se venderon as súas dependencias, priorato de San Benito el Real de Valladolid.

Así, tamén temos que afirmar que non podemos entender a historia da comarca de Chantada sen relacionala co valor histórico-artístico dos mosteiros e igrexas románicas que enmarcan a *Ribeira Sacra* e, en especial, coa historia deste mosteiro que tanto pesou nela nas distintas dimensións e etapas da súa existencia. Disto dá fe a documentación conservada dos distintos séculos.

Resulta difícil resumir, en poucas palabras, a importancia histórico-artística e cultural do mosteiro de San Salvador de Asma para toda a comarca de Chantada. Daquela, anotaremos uns simples apuntamentos xerais seguindo os diversos momentos da súa historia, a súa arquitectura e a súa documentación para ver a importancia dun edificio que, por

desgracia, segundo pasan os días deteriórase máis, se é que non está xa en ruínas en moitas das súas partes. Por iso prescindimos de todo detalle que require calquera mínima monografía.

Agora ben, aínda que soamente se fagan anotacións xerais cada unha das afirmacións poden ser contrastadas con numerosa documentación.

1.- SITUACIÓN XEOGRÁFICA

O mosteiro de San Salvador ou Chantada, como adoita chamarse na documentación, atópase situado no sur da provincia de Lugo, no concello de Chantada, a un quilómetro, máis ou menos, da vila de Chantada en plena *Ribeira Sacra*. Nunha paraxe paisaxística que merece ser coidada e atendida en todo momento tocante a calquera construción ou deterioración da súa contorna. Toda ela favorece ao conxunto arquitectónico do mosteiro de xeito peculiar como pode verse nas fotografías do anexo.

Así mesmo, dentro do conxunto de igrexas románicas da zona, o mosteiro de Chantada irradia a súa factura románica coas influencias do chamado Mestre de Asma en diversas igrexas da zona de Chantada como: Muradelle, Fornas, Santa María de Arcos, San Martín de Mariz, San Vicente de Argozón e, fóra desta zona, a Olerios. (Cf. Mapas adxuntos).

-  Ermida
-  Igrexa Románica
-  Mosteiro
-  Pazo
-  Torre
-  Casa/Pazo de Turismo Rural
-  Cruceiro
-  Peto de Ánimas
-  Sepultura Antropomorfa
-  Castro
-  Embarcadoro
-  Adega
-  Paisaxe Pintoresca
-  Vista Panorámica





Concello de
Chantada



Mapa da distribución territorial das parroquias de Chantada

© 2019 dreeho.

HISTORIA

2.- FUNDACIÓN E PRIMEIROS PASOS

Con anterioridade á fábrica monacal do s. XII todo parece indicar que existiu un mosteiro familiar dúplice fundado, posiblemente, na primeira ou segunda metade do século X polo conde don Ero Ordoñez e dona Adosinda (que nada teñen que ver cos avós maternos de San Rosendo, como pretenden indicar varios autores, aínda que Ero está dentro das súas ramas familiares). O mosteiro estaba rexido por un único abade. Non sabemos cal puido ser a estrutura comunitaria que tivo neses momentos. Nin tampouco cando se introduciu a regra beneditina en Chantada. Todo canto se diga non pasa de ser unha simple hipótese, pois as formas de convivencia fueron diversas nos distintos lugares. Ao non se conservar documentación dos momentos fundacionais, situámonos nunha escuridade total neste aspecto.

Por esa razón descoñecemos cando deixou de ser dúplice, por ser de fundación familiar, como poñen de manifesto as copias dos primeiros documentos conservados. Cando asumiu a regra beneditina, que regra foi a que guiou os seus primeiros pasos e, dentro das preguntas, cando se fala neses documentos da “*Regla de los Padres*”, de que se está a falar en

concreto. Pero estas non son preguntas para responder nesta ocasión, abonde a indicación para que o lector se poña en garda.

a) Abades coñecidos

Os abades coñecidos, segundo a documentación conservada, son: Aloito, Munio, Pedro Martínez, Gonzalo Eanes, Juan Pérez (a quen Vasco Pérez de Temes pon como cumpridor do seu testamento), Gonzalo Martínez, Juan Pérez (por segunda vez), Vasco Fernández, Juan García, Fernando Vázquez e Álvaro da Pena, de quen conservamos ampla documentación coa súa propia firma e a dalgúns monxes en varios pergamiños.

b) A protección real

A protección real faise notar dende os primeiros momentos. Así, Alfonso IX toma baixo a súa protección e acouta a veiga de Portotide (23-III-1188). Anos máis tarde, sen que saibamos o día, en Santiago de Compostela, en abril do ano 1208, dálle como couto canto tiña en Santa María de Camporramiro.

Fernando III (27-X-1231), xuntamente con Alfonso X (26-IX-1259), confirman os privilexios dos seus antecesores mantendo e ratificando toda a protección que até o momento tiña. Ese mesmo día, por medio dun privilexio rodado, prohíbelles aos funcionarios reais que entren nos coutos do mosteiro e, ao tempo, exímeo do *yantar* e *pedido*, e concédelle a metade do portádego da feira de Chantada.

Sancho IV (14-IV-1285) exime ao mosteiro de pago de *fonsadera*. E o 18-VII-1290 conta en favor do mosteiro as propiedades reais de San Estevo de Chantada.

O 25-IV-1331, Alfonso XI confirmoulle os privilexios anteriores. Este mesmo monarca recibe a queixa do abade Juan Pérez de que se estaba cobrando ao seus vasalos *yantar*. Polo que se lle ordena ao adiantado de Galicia Fernando Díaz que pescude o asunto. Finalmente, ordénaselle aos recadadores que deixen de cobrarlles este trabuco aos vasalos do mosteiro de Chantada segundo carta do 3-VIII-1332. Con todo, malia esta carta, no debeu de facerse caso posto que o día 30-VI-1338 mándaselles ao xudeu Abenax e ao resto dos recadadores que non lles cobren aos vasalos do mosteiro de Chantada o imposto de *yantar*.

Entre outros monarcas que confirmaron privilexios a Chantada están: Pedro I, o 14-IX-1351; Enrique II, o 15-IX-1371; Juan I, o 10-VIII-1374 e Enrique III, o 15-12-1393.

c) As relacións coas institucións e persoas do seu contorno

Como outros mosteiros galegos, vese envolto en toda a problemática que supoñían as encomendas. O abade Juan Pérez terá que enfrontarse ao famoso Vasco Gómez das Seixas, quen, no seu testamento, revelador da mentalidade do momento, doa ao mosteiro unha serie de terras entre as que se atopa o couto de Belesar, dando como razóns que o fai por todo canto acontecera e executara contra o mosteiro. Será Enrique III quen o 5-IV-1395 ordene a Fernando Yanes e a súa muller Juana das Seixas que deixen de exisirlles aos vasallos do mosteiro tributos que por ningún título eles poden cobrar.

Tendo en conta a documentación podemos afirmar que o mosteiro de Chantada configurou, dende máis ou menos a segunda metade do século X, a historia de Chantada até o momento da desamortización.

As relacións co Concello tiveron momentos bos como a carta de vecindade que o Concello fai para os monxes, pero tamén momentos de tensión por preitos dos que hoxe conservamos numerosa documentación polo complexas que, naquel momento, se presentaron as cousas. Sirva como exemplo o que tivo co Concello e veciños de Chantada pola roza dos montes de San Sebastián (Vilanova do Monte) e outros dos arredores.

Non hai familia de certo rango da zona chantadina, e outras máis ou menos próximas, que non tivese relacións de moi diversa índole con este mosteiro. Tamén a xente do común cos numerosos contratos de foro, preitos, ... polos distintos lugares e herdades que eles traballaban.

Entre as citadas casas pódense anotar as seguintes: Enríquez, Lemos, Suárez de Quiroga, Suárez de Deza, Gómez das Seixas, Vázquez de Temes, Varela, Tenreiro, Varela de Aguiar, Vasco de Marcos, Feijóo de Sotomayor, Arias de Prado, Osorio, Somoza, Losada, Marqués de Valladares, Conde de Taboada, Marqués de Astorga... Por iso non podemos coñecer a historia da nobreza desta zona sen entrar neste entrecruzamento de relacións. Pero, tamén, estas relacións sitúannos nos distintos momentos da historia socio-político-relixiosa desta comarca. Así, a súa interrelación coa historia xeral colócao na cerna mesmo dunha determinada forxa que dará como froito unha característica configuración deste territorio en todo o marco do existir das distintas etapas.

Este mosteiro, a nivel da historia local, entra de cheo nos aspectos da estruturación dunha vida de "*Señorío Feudal*" até séculos tardíos. Esta situación creou un ámbito socioeconómico peculiar xunto cunha estrutura agraria de dependencia, entre outros numerosos aspectos que non podemos neste momento pararnos a precisar.

Sen esaxeración, dende a documentación conservada, cabe afirmar tamén que o mosteiro de San Salvador de Asma é "*o Emblema dunha determinada Historia*" e non outra na zona de Chantada, como veño anotando, polo seu xeito de institucionalizarse como entidade relixiosa creando un ámbito dominante, señorial e feudal.

Polo modelo de labranza da súas propiedades e coutos poñendo ao campesiñado nunha dependencia de vasalaxe, como expresan as distintas fórmulas e cláusulas documentais, de ir ao mosteiro uns determinados días de festa ou uns determinados días do ano, cando a colleita está recollida, como podían ser os días dos meses de agosto ou setembro ou días tan concretos como o día de San Martiño de novembro, a pagar a renda ou festas de certo rango, como Corpus, onde en varios foros ponse como condición que os foreiros acudan a honrar o mosteiro coa súa presenza na festa.

Polo momento desamortizador, coñecido como "*Desamortización de Mendizábal*", pois atopamos as súas propiedades compradas polos que

teñen o poder adquisitivo da zona e provincia, como a familia Guardamino entre outras varias.

Reitero que non é baleira a afirmación: "*Emblema da Historia de Chantada*", pois numerosas igrexas dependeron do citado mosteiro, quer

como anexas, quer como igrexas de presentación, con todo o que elas supuxeron na vida dos seus fregueses.

d) Igrexas anexas

Santiago da Riba: anexionada aol mosteiro o 28 de xaneiro de 1343 e servida por un monxe, a partir da anexión a Valladolid, até os últimos días da vida do mosteiro.

Camporramiro: anexionada ao mosteiro polo bispo de Lugo Rodrigo, o 15 de febreiro de 1303.

San Mamede de Pereira: non se teñen noticias dela até ben tarde. Por iso non se coñecen os seus comezos e a anexión, aínda que axiña temos o mosteiro como patrón. O seu lugar actual non é o primitivo. Foi trasladada por Andrés Pérez (bistío do que isto escribe) ao emprazamento actual.

e) Igrexas de presentación

De todas as igrexas que indicamos a continuación non tiña a totalidade delas senón parte. Pero, dado o momento en que nos atopamo e

a mentalidade, ter parte nalguna igrexa supoñía, entre outras cosas, unha distinción e prestixio. Velaí o ter que pagarlles o *yantar* ao abade e os seus servidores un determinado día do ano como recoñecemento do seu padroado nesa igrexa que, a maior parte das veces, non estaba rexida por monxes como estaban, cando menos logo da anexión a San Benito el Real de Valladolid, as tres igrexas anexas ao mosteiro, senón por presbíteros presentados polo mosteiro e aprobados polo bispo de Lugo ou outros.

As igrexas ás que nos referimos son: Santa Mariña de Chantada, xunto co Marqués de Astorga (desta igrexa consérvase documentación medieval de preitos e o cambio do seu primitivo lugar nos que intervén o mosteiro de San Salvador de Asma directamente), San Salvador de Brigos (co seu anexo Santiago de Pradedá), Belesar (coa súa anexa), Rosende (con Santa Cecilia de Freán). Fornas, por cuxa presentación ten varios preitos,

San Vicente de Agrade, San Xián do Mato, Santiago de Fafián (en Camba), Santa Mariña do Castro, Santa Cristina de Asma, Santa María de Nogueira, Santa María do Campo (en Ourense, pola que ten un gran preito co bispado de Orense por unha das presentacións de vicario para o seu servizo e, en séculos anteriores, coas ordes militares), Santo Tomé de Merlán, Santa Eulalia de Adá, San Paio da Senra (anexo de Asperelo, en Camba), San Cristovo de Mouricios (anexo a Muradelle, que se cambian no ano de 1303 sendo Rodrigo o bispo de Lugo, por San Estevo de Chantada e Camporramiro), Santiago de Cecillón, Capela de San Xoán de

Cabreiros (no lugar de Cabreiros, parroquia de Camporramiro), Capela de San Estevo (no lugar de San Estevo, a carón do mosteiro), San Torcuato (en Buciños) e San Miguel (chamada "*do tesouro do mosteiro*").

É impresionante a historia que moitas destas parroquias por referencia ao mosteiro operaron na zona e fóra dela como beneficios buscados con sumo afán.

Os seus numerosos preitos coas familias da zona de Chantada e con curas destas igrexas pola paga de *yantares* e outras cuestións de recoñecemento dos dereitos do mosteiro. Estes preitos son imprescindibles para coñecer a mentalidade dunha época que non se emancipou do seu sentido feudal.

f) As relacións con outras entidades monásticas

Así mesmo son de destacar as relacións con algúns mosteiros da zona. Sinalamos en primeiro lugar o de Oseira, co que ten no s. XIV boas relacións, polo que se operan unha serie de cambios de igrexas, como Centulle. Pero xa en séculos máis próximos a nós, no XVIII, podemos ver a tensión que se dá entre estes dous mosteiros polo lugar de Lama, no Couto de Oleiros (*Olleros*), ao lado d'Os Peares. E igualmente algúns preitos por lugares de Brigos.

Tamén co mosteiro de Chouzán suponemos, polos indicios da documentación de ambos mosteiros, que houbo unhas relacións de apoio nos momentos de entremeterse Vasco Gómez das Seixas como encomendeiro e tamén noutros.

Outro dos mosteiros cos que tivo unha gran relación foi o desaparecido de San Antonio en Monforte de Lemos, situado na actual praza de San Antonio, ao que entregaba unha certa cantidade de gran e viño como esmola.

g) As relacións co bispo e cabido de Lugo

As súas relacións co bispo e cabido de Lugo tiveron bos momentos, pero tamén momentos de moita tensión até chegar á excomuñón de un dos priores por non o deixar entrar no templo nunha das visitas pastorais.

Estas tensións e relacións déixannos ver un peculiar entrecruzamento de dereitos que se defenden dende unhas estruturas configuradas e dominadas pola cosmovisión relixiosa do momento. No caso do mosteiro, cun marcado acento centralizador dende as directrices que recibe de San Benito el Real de Valladolid.

h) A anexión a San Benito el Real de Valladolid

A súa anexión, xestada anos antes de que en maio de 1496 se dea a bula de anexión propiamente dita, fai que deixe o seu esplendor de abadía e pase a ser un simple priorato. Así todo pasará a ser controlado por Valladolid, que leva todo o diñeiro do que se vende dos excedentes das rendas que recibe que, en viño, sobresaen do que puidesen recibir outros dos grandes mosteiros galegos. Podemos falar de mil setecentos canados de viño en anos do século XVIII. E da venda de cincocentos setenta canados no ano 1799. Igualmente de centeo, no ano 1608, pola fame, déronse unhas 170 fanegas en gran ás portas do mosteiro e de pan cocido unhas 20 a todos os que con necesidade acudían ao mosteiro. En 1702, *“por ser ano estéril”*, repartíronse na portería do mosteiro dúas fanegas por semana. No ano 1791 en esmolas contabilízanse 104 fanegas. No ano 1798 déronse nas tres parroquias anexas ao mosteiro 94 fanegas de esmola. Hai un dato que parece un tanto esaxerado, aínda que se temos en conta que foron anos de fame, pode ser certo que, en 1610, sustentaron, dende Nadal a xuño, 400 personas cada día, ademais dos pobres extraordinarios. E no ano seguinte fálese de que *“sustentaron duascientas”*. Non sendo tan abondoso pódese falar de bastantes ferrados de trigo. Outro dos produtos centrais na alimentación da época medieval e posteriores é a castaña, das que recollía cantidade de fanegas en pago de foros tanto verdes como secas.

Esta anexión é a vía pola que todos os aires casteláns están presentes en San Salvador de Asma, coas exixencias que se impoñen nas visitas trienais que fará o abade ou un delegado seu.

Pero, ademais de ser vía de recepción dos aires renovadores casteláns, vai ser a casa onde abades de sona da Congregación pasen os seus últimos días e se enterren no seu presbiterio, como documentalmente coñecemos.

i) Os priores logo da anexión a San Benito el Real de Valladolid

É esta unha etapa difícil para o mosteiro polos numerosos preitos aos que ten que facer fronte, xa que os levadores están dentro dun proceso social liberalizador de todo o peso da servidume da Idade Media.

Por outra parte, é unha etapa chea de numerosos detalles para coñecer a vida dun priorado dependente de Valladolid. Así como tamén as numerosas relacións que mantén coas familias nobres da zona, non só no nivel económico, senón noutros aspectos.

De moitos dos priores poderíamos facer unha biografía, polos datos que deles conservamos, pero isto afástase do que pretendemos con estes apuntamentos da historia desta abadía e, coa anexión, priorado. Abonde dicir

que varios deles foron abades de grandes mosteiros, e mesmo de Valladolid, como o famoso frei Diego de Sahagún, que foi xeneral da Congregación. Sen dar detalles de ningún deles, por non ser este o lugar, podemos dicir que dende a súa anexión a Valladolid o número dos seus priores ascende a máis do cento.

3.- O DOMINIO TERRITORIAL

Cumpriría pararse a estudar *a poboación* no marco territorial e patrimonial de S. Salvador de Asma. Así como *o hábitat* en que se desenvolve a actividade de produción e, por iso, tamén a *paisaxe agraria* que resulta desa actividade de produción. E, dando un paso máis, analizar a *evolución da propiedade territorial a través dos séculos* e a súa estrutura. Pero isto sería excesivo dado o obxectivo proposto.

Daquela, abonde con indicar que o mosteiro de Chantada, dende as doazóns, compras, testamentos, ... ten configurado o seu dominio a finais do s. XVI. Así, case todas as súas compras posteriores son de rendas sobre propiedades do mesmo mosteiro.

A continuación damos unha listaxe xeral dos lugares nos que o mosteiro ten diversas propiedades. Con esta listaxe perfílase, aínda que sexa moi xenericamente, unha idea do que foi o dominio territorial deste mosteiro

configurado e estruturado arredor duns forais suxeitos ao pago de rendas, principalmente centeo, viño, castañas, touciños, galiñas, algunos cabritos, leitóns, “*porcallas*”, allos, cebolas, manteiga, servicios como “*endeitas*”, ir a “*carretos*”, como buscar vino a Ribadavia, “*enarcar as cubas*”, “*asistir con fouciño a certos traballos de viña*”, entre outros... Así como xestos expresivos da vasalaxe dos foreiros, mesmo pagando as referidas rendas, como era asistir á festa do Corpus Christi no mosteiro.

Máis adiante destacaremos algúns detalles sobre a estrutura, evolución, economía e destino das rendas deste dominio.

A)LISTA DE LUGARES

Segundo os índices antigos, cadernos de foros e elucidario a lista podería concretarse en:

a).- Lugares con propiedades ou todo o lugar aforados: San Cristóvo de Fornas, San Xián do Mato, San Xurxo de Asma, San Paio de Muradelle, San Xoán de Laxe, San Vicente da Grade, San Salvador de Vilaúxe, San Pedro de Líncora, Santiago da Riba, Santa M^a de Arcos, San Salvador de Brigos, San Salvador de Asma, Chantada, Sabadelle, San Mamede de Pereira, Santa M^a de Arcos, Santa M^a de Nogueira, Camporramiro, Santiago de Pradedá, Santa María de Nogueira, Santa Cristina (Viana), San Vicente da Grade, San

Fiz de Asma, Santa Uxía de Asma, Mariz, Merlán, San Bartolomé de Belesar, San Miguel de Oleiros, Mouricios, San Cristovo de Lobelle, Pedrafita, Veiga, Santiago de Requeixo, Santiago de Cecillón, diversos montes, leiras, devesas, ... nos lugares que pertencen á actual parroquia do *Convento* (San Salvador de Asma). Merecen destacar os montes de Valverde, preto de Vilanova do Monte, que incluían tamén o monte de San Sebastián, con unha “*ermita*” que o foreiro que tivese os montes tiña que coidar. Cando menos así se lle recomenda no foro que dos referidos montes lle fai o prior Alonso de Segovia a Gonzalo de Ben o día 20 de agosto de 1540. A devesa do Barazal que, atravesando os montes de Torre Grande e Mamuín, chegaba deica o monte dos Gatos paralela aos lugares de Mundín, Vilaúxe, Andimil deica preto de Xidibe e, atravesando o río de Lamela, ambos lugares de Lamela de Arriba e de Abaixo, pasando polos montes de Balboa deica o que hoxe é o Polígono Industrial de Chantada. A devesa dos Merlos, que recollía as augas vertentes dende Vilanova do Monte para o mosteiro, horta, prados e nabeiras que tiña ao seu carón o mosteiro dentro do espazo que se consideraba como clausura.

Na zona de Lemos tiña los lugares de Piñeiro (Diomonde), “*Villatoga*” (Lobios), Castiñeira (Feligresía de Ribas Altas), Fonteca, Figueiredo, Quintas (Toiriz), “*Dozil*” e outros diferentes bens noutros sitios.

En Ribadavia tiña os lugares de Amenace da Cima, Casares, Filgueira, Ansalde, “*Puente Yreger*”, Cusanca, “*Obelos*”, Lama, “*Sorribas*”, San Jurjo, con varias viñas, adegas e herdades.

En Pontevedra tiña o couto de Coirós, en terras do Salnés, *”que estaba entre las feligresías de Santa Cruz de Castrelo e Santa Baya de Denas, partiendo de los cotos de Pradenda e señoríos de la Orden do Hospital de San Juan e do coto de Castrelo, comenzando en la cabeza de Meán e do Sisto Eyrado e va a pedra Booulossa a fondo contra Coyro e va adar alen el agua del mar, con sus casas, viñas, dehesas, con su señorío civil e criminal”* (transcribo case como está no orixinal). E casas na mesma cidade de Pontevedra como pode verse nun memorial de foros que fan os monxes para os conselleiros de Valladolid.

b).- Viñas: en Camporramiro, Santiago da Riba, San Pedro de Líncora, San Bartolomé de Belesar, Santa María de Nogueira, Lemos, San Fiz. Algunhas destas viñas por lindar co río Miño levaban unidas unha *“pesqueira”*. Igualmente tiña viñas en Ribadavia, no lugar chamado Granja de Figueroa, na freguesía de San Martiño de Cameixa, xurisdición de Orcellón, e noutros lugares.

c).- Soutos: en Camporramiro, Santiago da Riba, Belesar, Sabadelle, San Pedro de Líncora, Santa María de Nogueira, San Vicente (Vilaúxe) e en San Román, na Peroxa.

d).- Casas na vila de Chantada: a *“Casa de los Pilos”*, a casa da Forxa, a *“que edificó Estevan Tenrreyro e su hijo”*, a de *“López Platero”* e outras moitas, entre elas algunhas no Portal de Abaixo e *“la de la Pescadería”* con

outros moitos bens na freguesía de Chantada. Hai noticias documentais de que o mosteiro tiña na vila de Chantada unha casa hospital.

En Belesar tiña varias casas cos seus *“lobios”*, *“exido”* e *“cortes”*.

En San Salvador de Asma tiña varias casas no lugar de San Esteban e entre elas a do cárcere e a da audiencia. Na Ponte dúas casas con *“aira e huerta”*. No lugar de Quintela de Ventiños tiña tamén casas.

En San Pedro de Líncora tiña casas, *“casarellas e cortes”*.

En Santiago da Riba tiña unha casa en Goxeba, a *“casa do forno”* no mesmo lugar de Santiago da Riba, unha casa en Sequeiras e varias en Pincelo.

Igualmente tiña casas en San Fiz, Brigos, Mariz e Mouricios.

e)- **Bodegas:** o Libro de Bodega permítenos ver a gran cantidade de viño que recibe en renda este priorado e o emprego que o mosteiro facía desta renda de vino, pois pasando polos usos veterinarios da época, consumo da comunidade, cos seus serventes, ..., era o pago en especie dalgúns traballadores. Por iso as adegas, coas súas cubas e bocois, eran esenciais para gardar e recibir a renda. Hai noticia de que tiña bodegas nos seguintes lugares: Belesar, Santiago da Riba, Camporramiro, Guxeba, San Pedro de

Líncora, Santa María de Nogueira, San Fiz e seguro que noutros como Ribadavia.

f)- **Muíños**: en Camporramiro, cunha devesa; en Chantada polo que pagaba Ruy de Moure 20 fanegas de trigo e dous capóns, en Zaquín (Chantada), en San Mamede de Pereira, en San Bartolomé de Belesar, en San Pedro de Líncora (Vilanova, preto da Ermida) e, na mesma parroquia, un en Rubiás, polo que pagaba Ruy de Moure 10 fanegas de pan, en Santiago da Riba, en Pincelo tiña varios e un deles chamado o muíño de “*Jajoca*”, en San Fiz o muíño de Meixide, en Muradelle e o muíño da Elfe, en Santa María de Arcos, en Faluche polo que pagaba Ruy de Moure 15 fanegas de trigo e dous capóns e carneiros, en Liñares e o que tiña xunto ao mosteiro, do que aínda se conservan hoxe parte das paredes e que foi construído no ano 1773.

Hai que notar que foron numerosos os preitos que se seguiron contra moitos dos levadores destes lugares por diferentes causas. E tamén moi grande a débeda da renda que algúns levadores tiveron. Máis aínda, acumulábase de ano en ano até chegar nalgúns casos a deber a renda de 63 canados de viño dos anos 1756-1769; 8 ferrados de castañas dos anos 1756-1769; 25 fanegas de centeo dos anos 1758-1769; 54 capóns ou por eles 116 réas dos anos 1755-1769. Estas débedas son un simple exemplo, pues poderían citarse moitas doutros anos.

B) IGREXAS

A todo este patrimonio hai que engadir as igrexas nas que tiña todos os dereitos de presentación ou parte. O mosteiro tiña tres igrexas anexas e servidas por monxes do mosteiro ou por persoas que o mosteiro poñía coa aprobación do bispo de Lugo. Estas igrexas eran:

a).- San Mamede de Pereira, que dende tempo inmemorial era do mosteiro. Posteriormente, uniuse a San Salvador de Brigos. O mosteiro de Chantada recibiu esta igrexa, xunto co couto de Brigos, no troco feito co mosteiro de Acibeiro o 15 de marzo de 1356 de varias propiedades que tiña en S. Juan de Villanueva de Gesta.

b).- Santa María de Camporramiro: Desde 1208 o mosteiro de Chantada disfrutaba do couto de Camporramiro como doazón real. Pero a igrexa anexionase ao mosteiro polo concerto que fai co bispo de Lugo don Rodrigo o 15 de febrero de 1303, cambiando as igrexas Santo Tomé de Merlán, Santa Eulalia de Adá, San Paio de Senra e San Cristovo de Mouricios polas de Santa María de Camporramiro, San Estevo de Chantada (no actual lugar de San Estevo), freguesía de San Salvador de Asma a carón do mosteiro e que posiblemente non pasase de ser unha capela).

c).- Santiago da Riba: esta igrexa foi unida ao mosteiro o día 28 de xaneiro de 1343. O mesmo ano da anexión sabemos que o mosteiro fai

presentación de Juan Domínguez a esta igrexa por morte de Gonzalo Martínez. Pouca é a documentación conservada referente a esta igrexa.

Outras igrexas nas que tiña parte ou toda a presentación eran as seguintes: Santa Mariña de Chantada (que compartía co Marqués de Astorga, que regalou unha custodia, cáliz e patena e un terno coas súas albas, amitos e cíngulos e un dosel para expoñer o Santísimo Sacramento) e San Xurxo de Asma; San Salvador de Brigos, co seu anexo Santiago de Pradedá; San Vicente da Grade e San Xián do Mato; San Bertomeu de Belesar e os seus anexos Santa Mariña de Rosende e Santa Cecilia de Freán; Santa Mariña do Castro; Santa Cristina de Asma; Santa María de Nogueira; Santo Tomé de Merlán; Santa Baia de Adá; San Cristovo de Mouricios; San Cristovo de Fornas; San Estevo, no actual lugar de San Estevo a carón do mosteiro; a Igrexa de Cabreiros, no lugar de Cabreiros, en Santa María de Camporramiro; Santa María do Campo (Ourense), pola que tivo conflitos e un preito co bispo de Orense; San Paio de Senra, anexo de Asperelo, en Camba,....

Dende esta lista de lugares e propiedades, aínda que é imprecisa e incompleta, podemos apreciar como a estrutura do dominio deste mosteiro está formada por casais, lugares e forais (á parte dos dereitos das distintas igrexas) dos que descoñecemos, na súa gran maioría, a dimensión pola escaseza de datos da sementeira que nos ofrece a documentación salvando algúns foros e apeos, ...que nos dan algunha noticia ao respecto.

Por iso precisar cal era a estrutura territorial é unha tarefa problemática. Pero pódese afirmar que está moi espallada no espazo e moi dividida internamente. En cada un dos lugares que anteriormente citamos podía haber unha leira, unha viña, un souto, un lugar, pero con moi poucas porcións anexas a el, como o lugar de Zaquín (hoxe un dos barrios de Chantada) cos seus muíños e pouco máis.

Todos estes casais e lugares non eran explotados directamente polo mosteiro, senón que se daban en foro a labradores, fidalgos como os de Lagariños (A Peroxa, Ourense) e nobres como os Bendaña ou “*Balladares*”, entre outras numerosas casas de certo rango que poderían citarse dende os distintos foros e arrendamentos de décimos en tempos modernos. Estes foreiros pagábanlle ao mosteiro unhas rendas ou servizos segundo as condicións estipuladas no foro no lugar e tempo convidados. Exceptúanse de ser aforados a horta do mosteiro, algún dos prados e devesas próximas a el, como a chamada dos Merlos, por ser bens destinados a unha produción de consumo propio da comunidade e para as cabalarías e bois que tiña para servizos inmediatos da casa.

Sobre a evolución do dominio dinos o catedrático Ramón Villares que as fontes non son “*boas*” para coñecer en que momento deixou o mosteiro de acrecentar a súa riqueza rústica, porque as fontes estaban en mans particulares. Pero, vistas esas fontes e outras, hai que seguir afirmando o mesmo, pois é unha documentación referida a foros antigos e ás rendas

cobradas por Sánchez Guardamino, entre outros, como comprador da maior parte da propiedade deste mosteiro no momento da desamortización.

Visto o libro de "*Ventas e otros instrumentos*" podemos afirmar que, a finais do século XVI, o patrimonio acadado a través de doazóns reais e particulares, compras, testamentos, cambios de igrexas e bens co mosteiro de Acibeiro e Oseira, ..., está formado. E aínda que hai certos movementos no século XVIII por despoxos as súas rendas son estacionarias. Estas afirmacións están corroboradas por todos os foros feitos en datas posteriores, pois sempre son renovacións dos foros anteriores. As concesións novas, como apuntamos, fanse por despoxos a don Benito Enríquez e a don Francisco de Prado (s. XVIII) ou porque algúns foreiros voluntariamente entregan o foro ao mosteiro por non poder traballar ou pagar,... Isto mesmo se aprecia ao facer un estudo evolutivo e comparativo da recesión da renda; pois o incremento da renda aparece en dous momentos: a mediados do século XVI e a comezos do século XVIII. Villares dá detalles de todo este entretecido na súa tese de doutoramento.

No tocante á economía do dominio ofrecemos uns simples apuntamentos do que require unha análise complexa na que non podemos pararnos neste momento. Pero, centrándonos en dous aspectos importantes, podemos dicir que a procedencia da renda vén dos foros e de décimos dos que conservamos documentación do seu arrendamento e venda a diversas persoas de certo rango da vila e doutros lugares de Chantada. E que esta renda recibida, cada ano, en determinadas datas, dunha explotación

indirecta, está constituída por unha gran cantidade de centeo, viño, castañas, algo de trigo, tuociños, cabritos, leitóns e outras en menor contía.

O destino desta renda é a venda directa, posto que a comunidade non pode consumir a cantidade recibida. En datas anteriores ao século XIV, e durante este mesmo século, hai que supoñer, polas afirmacións que fan os documentos aludindo a un “*monasterio nuevo alzado*”, que se dedicou unha gran parte dos ingresos á construción da planta do mosteiro que hoxe coñecemos como dependencias conventuais. Aínda que hai autores que queren darlle a esta expresión outro contido.

Sabemos tamén que unha gran parte do centeo dábase ás portas do mosteiro, como queda apuntado, tanto en gran como “*cocido*”. O P. Frei Marcos Morales, o 26 de maio de 1680, estando de visita no mosteiro, mándalle ao prior que “*...prosiga con la caridad que hasta entonces se había tenido...*”. E, en anos de fame, os abades ou delegados seus, ao visitar o priorado perdoábanlles o pago da renda aos caseiros ascendendo algúns anos (1796 e 1797) a 319 canados de viño.

Non nos podemos parar a detallar a cantidade de preitos que tivo o mosteiro por esta facenda. Abonde sinalar que entre a documentación atopamos listas, en folios enteiros, falando dos preitos que se estaban levando adiante nun momento determinado. Os rexistros dos preitos que poden facerse no Arquivo do Reino de Galicia dannos unha idea da tensión que tivo o mosteiro e dos momentos de liberalización que se viven na

sociedade, pois son numerosas as reivindicacións de bens que fai a moitas persoas de todo rango da zona de Chantada, levadores de diversos lugares, casares o forais.

Cómpre dicir que aínda que o patrimonio esta case formado a fins do s. XV, e na súa maior parte foi adquirido por doazóns, compras, cambios, testamentos..., na documentación atopamos persoas de certo rango entregando varias propiedades, en mandas testamentarias, a cambio de seren enterradas no claustro do mosteiro,... ou nalgunha das igrexas da súa dependencia. Este é o caso de Agustín de Rivera, que por enterrarse no mosteiro fai entrega ao prior frei Pedro de Rojas de unha casa en San Estevo e seis pezas de terreo nas “*nabeiras de San Estevo*” (4-I-1578).

Por iso, aínda que o patrimonio está formado a finais do século XV, o mosteiro segue comprando bens en varios lugares: a viña que se “*dize do Corujo*” en San Pedro de Líncora, ou unha casa coa súa horta en Líncora (Camporramiro). Son curiosas as compras en Cabreiros: sete pés de castiñeiros “*en Biñás*”, cinco “*no Penedo de Biñás*” e outros varios no souto de “*Suavila*” debaixo do lugar de Sequeiras. Até bastante tarde a documentación deixa ver que sempre o mosteiro está recibindo patrimonio de diversas formas, mesmo sendo en menor cuantía. Pero no século XVI e comezos do XVII péchase toda compra e doazón.

4.- O PASO DOS FRANCESES

Non é moito o que coñecemos do paso dos franceses dende Ourense cara a Lugo por terras de Chantada, pero a documentación conservada, sendo pouca, pois perdeuse toda a que se cita, permítenos ver que o mosteiro debeu ter algúns problemas de saqueo, pois houbo que agochar varios libros do arquivo nas casas de veciños para que non puidesen coñecer a renda que cobraba e que desistisen de pedirlle e entregar determinadas rendas. Ademais de soportar todo o peso dos monxes que fuxiran do mosteiro de San Benito el Real de Valladolid e se refuxiaban en Monforte e Chantada.

O grave deste momento foi o asasinato do monxe que asistía a igrexa monacal.

5.- A DESAMORTIZACIÓN

A ruína deste noso cenobio veu coa desamortización mal chamada de Mendizábal. Aínda que en 1820 xa atopamos bens de San Salvador de Asma que son requiridos para a venda pública, e tamén moitas das súas rendas de centeo, trigo, castañas e viño.

Dixemos ruína por varias razóns: por unha parte, o feito de vender como se venderon as propiedades dos mosteiros aos que teñen o poder adquisitivo, ou que xa estean preparados para compralas os mesmos que estaban dentro da xestión de vendelas para entregalas a persoas que mercaron practicamente a gran cantidade de terras vendidas entre os anos 1820 a 1845, e máis tarde, non cumpre, para nada, coa idea de desamortizar, senón todo o contrario: fai máis ricos aos ricos do momento. Así, o mesmo ou maior desequilibrio agrario, que se pretendía remediar no comezo das propostas desamortizadoras, logo pasa, con Godoy, a ser non un problema agrario, senón un problema de débeda pública que levou en Galicia a ter que pagar e desembolsar cantidades enormes de diñeiro sen supoñer ningunha solución ao problema.

Por outra parte, todo o tesouro documental, se ben é certo que temos moito, tamén temos que dicir que outros moitos documentos perdéronse para sempre, como nos consta polas alusións que se fan en diversos lugares sen que hoxe poidamos coñecer a sorte, por exemplo, dunha historia dos abades, familias e persoas benfeitoras e tamén o libro dos “*Mal hechos del mosteiro*”. O que supón, neste caso, que un edificio desta índole estea en mans dun particular, cuxo acceso é moi complicado para calquera visita ou estudo *in situ*, coa conseguinte degradación do edificio por reconstrucións e posibles demolicións (?) dalgúns elementos románicos, ou outros, que para nada teñen en conta a índole histórica.

6.-O CONXUNTO MONÁSTICO COMO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO

Non cabe a menor dúbida sobre a importancia deste conxunto monástico máxime cando atopamos pezas únicas, hoxe case descoñecidas.

Abondarán uns breves apuntamentos para dar a coñecer a importancia do conxunto atendendo primeiramente ao templo e logo ás dependencias monacais non sen antes salientar para a súa comprensión plena que: a escultura non soamente forma parte física do edificio, senón tamén parte simbólica do mesmo. Así, a iconografía ten un fortísimo sentido simbólico, dogmático e místico, destacando o seu carácter pedagóxico e moralizante. Deste xeito, a arte cumpre un papel fundamental á hora de transmitir ensinanzas aos fieis.

O Antigo e o Novo Testamento ofreceranlle ao artista e aos fieis unha verdade moral revelada que deixará entrever unha serie de misterios sobre a vida futura. O *Apocalipse*, que tivo unha gran influencia na España mozárabe, será un dos textos máis representados; pero tamén van aparecer narracións fantásticas de animais tomadas dos bestiarios, e libros penitenciais que servían como exemplos para explicar comportamentos morais e para denunciar virtudes e vicios. Atopamos mostras no tímpano e en moitos canzorros deste conxunto.

A) O TEMPLO

Aínda que de traza románica, do século XII, atopamos varias pedras reutilizadas de tipo visigótico. Igualmente dos modillóns que fan de canzorros, un na parte norte e outro na parte sur. Baixo o meu punto de vista, sendo cuestionables, algunhas pezas reutilizadas na porta que dá paso á igrexa desde o claustro (hoxe tapiada).

A igrexa conserva case na súa totalidade a construción románica, salvando a fachada, a puerta tapiada, os canzorros de ambos beirados, norte e sur, a fiestra seteira. Na ábsida merecen ser destacados os tres ventanos e mais os canzorros.

a) A tapiada porta sur

Constitúe unha peza esencial para coñecer o estilo do mestre de Asma e poder pescudar, desde a comparación deste elemento, sobre o espallamento da súa escola. Os dous capiteis que a circundan están decorados con motivos vexetais de gran esvelteza e beleza. Quizáis algunhas pezas reutilizadas desta porta sexan visigóticas.

Pero, sen dúbida, o más importante é o tímpano da porta (case descoñecido pola imposibilidade de acceso ao recinto). Ornáméntase con dous leóns afrontados cos seus colos alongados de monstros que se entrelazan mostrándose en loita. Apoian as súas patas no astrágalo. O detalle da súa feitura é impresionante, pois malia a humidade poden apreciarse as crinas finamente talladas. É un “*unicum*” dentro dos tímpanos galegos.

b).-Os canzorros da parte norte

Os canzorros que non teñen ornamentación son froito de reformas posteriores.

c) Os canzorros da parte sur

No beirado sur consérvase a primitiva harmonía estilística e a beleza do conxunto sen que hoxe poida apreciarse pola imposibilidade de entrada ao claustro.

d).- A ábsida

É unha das pezas que máis sufriu: a sancristía é un arrimo absurdo que levou a diversas desmouchas dos canzorros, así como á perda de pezas na fiestra sur.

A forma desta ábsida merece ser destacada: ten forma circular polo exterior e poligonal (cinco trazos) no interior.

e).- Os canzorros absidais

A maior parte, tanto os visibles ao exterior como os que se ven dentro da sancristía, son animais fantásticos expresando accións diversas.

f).-As tres fiestras

Enmarcadas polo típico conxunto románico son de singular beleza. A do lado sur foi mutilada nas súas columnas e capiteis polas obras de arrimo da sancristía. Pero todo o conxunto das restantes, tanto ao exterior como ao interior, agás a central, da que non se ve o seu interior, reiteramos que son dunha feitura singular no seu detalle.

g).- A cruz antefixa

Colocada no seu primitivo lugar (piñón do testeiro) seguramente estaba asentada sobre un “*Agnus Dei*”. Os seus brazos son iguais: máis anchos cara aos extremos cun entrelazado cruciforme arredor.

h).- O retábulo maior

Lonxe xa da época románica atopámonos con este retábulo renacentista. Posiblemente da escola de Berruguete, de finais do XVI. Tres fanelos na parte principal. Son de destacar as escenas da adoración dos Magos e o Nacemento na predela. Os netos con dez apóstoles en fanelos de vieira. É impresionante a imaxe central do Salvador pola súa maxestosidade.

B) AS ESTANCIAS MONÁSTICAS

É unha mágoa que non poidamos describir desde a análise in situ, tanto o estado ruinoso en que se atopa o edificio como os elementos románicos que quedan (algúns esmoucados quizais para favorecer o paso) e outros que nin sequera podemos citar polo imposible acceso. Pero todo

isto considero que queda posto en evidencia co anexo fotográfico que se achega.

Comezamos describindo os de maior importancia que coñecemos:

a) A tapiada porta sur

No claustro, que supoñemos de época moderna -sen que poidamos precisar data por non poder estudalo na actualidade ao non poder acceder ao inmueble, aínda que o temos solicitado, aventurámonos a situalo no século XVII-, está a porta que daba paso do claustro ao templo.

Ten dobre arquivolta cinguida no arco exterior cunha moldura de “*billetes*”. A arquivolta interior apóiase no muro pilastra. A segunda faino mediante fermosos cimacios nun par de columnas acodilladas.

O cimacio esquerdo ten unha serie de rosetas, inscritas en círculos xustapostos, con oco refundido no centro. O dereito ostenta na esquina unha cabeza de animal, de caracteres semellantes aos dun felino, que trisca un tallo de follas que percorre a peza.

As arquivoltas abrazan un tímpano semicircular apoiado nas xambas perfiladas por baquetas. Os autores que o estudaron dinnos que a representación é única en Galicia. Eu así o confirmo. Trátase de dous

estraños animais (leóns?) cos seus pescozos entrelazados de meticuloso tallado nas súas crinas e outros detalles. Hoxe posiblemente estes detalles non poidan apreciarse pola falta de limpeza da pieza ao ter caído a agua por ela co conseguinte musgo que terá medrado sobre ela desde a última vez que a puiden ver.

b) O Claustro: outros restos románicos e doutras épocas

Como xa indicamos hai unha porta (véxase o anexo fotográfico) de feitura románica que está practicamente destruída para facilitar o paso.

No chan é posible que existan lápidas con inscricións posto que temos documentación que fala da petición de persoas de enterrarse xunto a seus pais, soterrados no claustro.

Debemos destacar a porta do que foi o arquivo, na que aparecen ornamentos de época posterior á románica (véxase o anexo fotográfico).

c) Pinturas

Na porta que subía ao arquivo, a carón da porta tapiada, puiden ver a última vez que estiven dentro do referido claustro pinturas en negro de moi

boa feitura de época moderna, sen que poida precisar época. Lémbranme a outras que vin en Cáceres recentemente, nunha sancristía.

7.- PERTINENCIA DO PROXECTO DE INTERVENCIÓN E RAZÓNS

Chegados a este momento ímonos referir ao que é a casa monacal e o templo parroquial.

A) A CASA MONACAL

No tocante á casa monacal, hoxe de propiedade particular, como queda dito, **urxe unha intervención de Patrimonio dadas varias cuestións e razóns** que subliñamos:

- O estado ruinoso en que se atopa. Hipólito de Sa escribe no periódico “*La Región*”, o 13 de marzo de 1983 que: *“Esta propiedade particular, ha sido adquirida recientemente por unos señores de la provincia pontevedresa e están procediendo a unas reformas desde luego nada en consonancia con el estilo antiguo que impera en la casona, ya que en el exterior se ha empezado por sustituir un viejo corredor, por un balcón de hormigón con*

barandilla de aluminio. Ignoramos qué piensan hacer en el interior, pero un patrimonio de esta clase debería ser supervisado por alguna autoridad competente en la materia". E un poco máis adiante di concluíndo uns trazos da súa historia *"San Salvador de Asma, desde cuando se conoce como tal hasta nuestro días , en que aquello fue convertido incluso en cuadra de vacas"*. E engade: *"El famoso claustro de que me habían hablado. El abandono era grande e el centro del mismo estaba lleno de matorrales e algún arbolito"* Todas estas afirmacións dannos a clave para una rápida actuación. Pero isto era en 1983. Hoxe multiplicouse. Calquera palabra serve para declarar que estamos ante un patrimonio que cada día se destrúe máis e máis. Un patrimonio abandonado ou, cando menos, non coidado como se debe.

- A imposibilidade actual de valoración técnica por falta de acceso e, por conseguinte, a imposibilidade de poder estudar *in situ* o conxunto monacal e analizar as pinturas que hai na entrada do que foi arquivo do mosteiro.
- Por outra parte, tanto o estudoso como as visitas non poden acceder para ver tal patrimonio por ser dun particular.

- Esta situación leva á progresiva perda da memoria histórica polo limitado coñecemento ao non poder ser visitado tal conxunto.
- Entendo que, sen detrimento nin atranco para o actual dono, este patrimonio debería ser restaurado e aberto ao público, conforme as leis vixentes que rexen nestes casos, *pola importancia dun bien de interese cultural* que está destruíndose polo abandono e descoñecéndose, ademais de condenalo ao esquecemento colectivo por non poder visitalo comodamente.
- Dentro de todas estas razóns hai unha que debera valorarse máis cada día en relación con todas as demais, polo que supón a varios niveis: O rescate deste patrimonio histórico-artístico fronte á que foi vía romana menor (hoxe Camiño de Inverno a Santiago), que unía Castellón coa vía que, partindo de Aquis Querquennis (Ourense), derivada da Vía XVIII (Vía Nova), pasaba por Eixón (topónimo próximo ao núcleo de san Estevo que indica o posible lugar dun miliario) e atravesaba a malograda ponte romano-medieval destruída a comezos deste século no lugar da Ponte (bo exemplo do que significa deixar perder os monumentos pasados: con eles vai a memoria dos pobos e o patrimonio colectivo) e seguindo a Pedrafita para chegar a Lugo. E ao

tempo que unía e atravesaba a vía Aquis Querquennis-Lucus Augusti, esta vía menor atravesaba Chantada para seguir cara ao Faro chegando a ser o camiño que hoxe se coñece como o Camiño de Inverno a Compostela.

Pero, sendo todas estas cuestións importantes, hai tres que, no meu parecer, esixen suma atención e actuar con urxencia sobre elas para que non cheguemos tarde polo abandono que leva á deterioración irreparable. Estoume a referir á actuación sobre tres obxectos do recinto que sofren danos por humidade e destrución entre outros axentes:

a) As pinturas que dan acceso ao que foi o lugar do arquivo do mosteiro. O mal estado do teito fai que toda a chuvia caia sobre a parede na que se atopan.

b) Todo o conxunto do tímpano da puerta tapiada que daba acceso do claustro ao templo. Como pode verse nas fotografías, a chuvia que cae do tellado xunto coa humidade están propiciando o terreo para que se encha a pedra de toda clase de liques que poidan afectarlle.

Entendendo que se trata en Galicia dun *unicum*, é urxente unha inspección *in situ* para levar a cabo as actuacións pertinentes de limpeza e conservación.

c) Dadas as esmoucas que se aprecian nas portas románicas do claustro urxe unha actuación para recuperar as pezas e restaurar o conxunto.

B) O TEMPLO

O templo está ben conservado e foi recentemente restaurado o seu artesoado e retábulo maior e os menores. Así a todo, debería de optarse por unha adecuación do espazo na súa nudez nas paredes para poder apreciar a obra na súa identidade. Pois o engadido de figuras e outros elementos, sen unha debida consulta a técnicos ou a Patrimonio, desdín e contradín o conxunto e, por conseguinte, o seu contido e simboloxía do templo románico por máis que deste xeito queira contentarse a certas persoas e certas devocións sen educar debidamente o contido propio da fe lonxe de toda relixiosidade.

No noso entender, debería actuarse nunha recomendación de adecuar o espazo das paredes con elementos máis conformes ao conxunto ou retirar os que se puxeron máis ou menos recentemente, pero que rompen co conxunto.

É de intervención, con certa urxencia, unha adecuada iluminación do complexo no seu interior para resaltar o retábulo renacentista da escola e feitura de mestres de Valladolid.

Tamén os canzorros que se descubriron nos últimos arranxos e están dentro da sancristía.

Hoxe en día, con menos gasto de enerxía que a actual e elementos adecuados, a iluminación sería mellor e máis axeitada para os visitantes.

Por último, sería tema a estudar o chan cemiterio do templo. Pois, mans inexpertas e sen coñecemento, mesmo con boa vontade, que nestes casos non vale, tratan de arranxar as centenarias táboas que o cobren, perchando os respiradoiros entre outras substitucións de anacos de táboa, chegando a poñer folla de lata en lugares de maior desgaste.

Así mesmo, sería urxente a instalación de alarma no templo.

8.- A DOCUMENTACIÓN

O volume documental deste mosteiro, quer nos arquivos da Comunidade Autónoma, quer no Archivo Histórico Nacional, pasando por Simancas e a Chancillería de Valladolid, entre outros varios, indica a

importancia no devir da historia monástica galega, superando con moito a outros da zona. E isto debera terse en conta cando se proceda á restauración, conservación e acceso ao que foron as dependencias monásticas, polo estado deplorable en que se atopan.

9.- BIBLIOGRAFÍA SOBRE ESTE MOSTEIRO

Quen isto escribe ten recollidas máis de oitenta referencias bibliográficas de traballos indirectos e directos referentes a este mosteiro. E, recentemente publicados, once traballos corrixindo, dende as fontes, a outros autores anteriores. Igualmente transcrita e corrixida por dous amigos doutores a **Colección Diplomática**, xa maquetada, que estaría publicada de non ser a cuestión económica que a todos e a todo afecta.

A seguir indico soamente a bibliografía máis recente, dous artigos e dúas obras de hai uns anos, por ser os que mellor reflicten a globalidade da historia deste mosteiro, a súa arquitectura e os problemas dos dous primeiros documentos conservados corrixindo erros que viñan arrastrándose dende séculos. Incluíu tamén a obra de Legoff que cité ao comienzo, por máis que non teñan ningunha referencia ao mosteiro. Toda a bibliografía anterior, por desgracia, agás dous artigos e algúns estudos indirectos, son unha continua copia de uns autores a outros :

VÁZQUEZ SACO, FRANCISCO, "Iglesias románicas de la provincia de Lugo. Papeletas arqueológicas. Papeleta 136. Iglesia parroquial del Salvador de Asma", *Boletín de la Comisión de Monumentos Histórico Artísticos de Lugo*, V, 39 (1.953) 181-189. É un dos mellores traballos que tivemos ata tempos recentes sobre este mosteiro. Está elaborado contando con bastantes fontes, se ben, nalgúns aspectos, requira precisións no uso desas fontes.

FERNÁNDEZ DE VIANA E BIEITES, JUAN - IGNACIO, "Asma, o Salvador de", en *Gran Enciclopedia Gallega*, 2, Santiago de Compostela 1974, 243-44. É un dos bos artigos que se teñen escrito, cunha visión global da historia deste mosteiro, aínda que hoxe teñamos que facerlle, dende a documentación, varias correccións.

LE GOFF, Jacques *El orden de la memoria*, Barcelona, Paidós, 1981, páx.181.

VILLARES PAZ, RAMÓN, *La propiedad de la tierra en Galicia 1.500-1.936*, Madrid 1982. En varios lugares nos indica los avatares de las propiedades de este mosteiro e su riqueza.

YZQUIERDO PERRIN, RAMÓN, *La Arquitectura Románica en Lugo, Parroquias al Oeste del Miño*, I, A Coruña, Fundación "Pedro Barrié de la Maza", 1983, 46-49.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “Las relaciones entre el mosteiro de Oseira y San Salvador de Asma, en el primer tercio de s. XIV”, *Lucensia*, 6 (1993) 85-96.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “Las relaciones del mosteiro de Chantada y el de Oseira en el s. XVIII. El pleito por el lugar de ‘Olleros’”, *Estudios Mindonienses*, 12 (1996) 231-273.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “Las relaciones del mosteiro de san Salvador de Asma con el concejo de la villa de Chantada: un pleito con el concejo por la construcción de unas casas”, en *Libro de Oro. Círculo Cultural de Chantada*, Lugo, Diputación Provincial, 1999, 302-314.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “El mosteiro de San Salvador de Chantada en la ayuda de la ‘guerra contra el turco’. La desamortización del coto de Brigos, dentro del proceso de expropiación, en tiempo de Felipe II”, *Estudios Mindonienses*, 16 (2000) 293-371.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “O mosteiro beneditino de San Salvador de Asma a través da historia”, en *Crónicas Chantadinas*, Lugo, Diputación Provincial, 2004, 23-43.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “La familia de San Rosendo en la fundación del mosteiro de Chantada”, *Estudios Mindonienses*, 23 (2007) 125-182.

MÉNDEZ PÉREZ, J., “La familia de San Rosendo en la fundación del mosteiro de Chantada”, Coor. Segundo López Pérez), *Facendo memoria de San Rosendo*, Salamanca, Cabildo Catedralicio de Mondoñedo Ferrol, 2007, 125-182.

MÉNDEZ PÉREZ, JOSÉ, “¿Familiares de San Rosendo en la fundación de San Salvador De Chantada? Ero Ordóñez Versus Ero Fernández”, *Rudesindus* 3 (2008) 107-146.

MÉNDEZ PÉREZ, JOSÉ, “Abadologio de Chantada”, *Estudios Mindonienses* 26 (2010) 211-302.

MÉNDEZ PÉREZ, JOSÉ, “Anotacións a un documento del archivo de la Catedral de Oviedo mal atribuido al mosteiro de San Salvador de Asma (Chantada-Lugo)” *Estudios Mindonienses* 28 (2012) 635-648. Este artigo, co título:”Un documento del monasterio de Asmeses (Ourense) en el archivo de la catedral de Oviedo mal atribuido al monasterio de san Salvador de Asma (Chantada-Lugo)”, pero moi ampliado e con documentos, saíu na revista “*Diversarum Reum*” 9 (2014) 279-313 do Arquivo da Catedral de Ourense.

Neste momento estou preparando a historia global deste mosteiro xunto coas tres igrexas anexas, sen esquecer as que citamos anteriormente, polo que supón de coñecemento da comarca de Chantada.

Estas razóns deben levar a que un edificio que pode cualificarse como “*emblema*” da historia dunha comarca se tome en serio e se actúe con urxencia sobre el, da mellor forma posible para todos, dada a situación de abandono en que se atopa e o perigo serio de ruína elementos irreparables.

E non é discurso ou demagogia, pois o cativo, pero significativo, anexo fotográfico que se acompaña fala por si só.

10.- EFICACIA DO PROXECTO DE RESTAURACIÓN E APERTURA AO PÚBLICO DAS DEPENDENCIAS: PREVISIÓN

Abondaría afirmar que unha memoria histórica restaurada, coidada e ben xestionada é economía para a comarca que a ten. Calquera que sexa a situación da economía global. Pero hai outros valores que puxemos de relevo e recollemos nunhas cantas palabras: identidade, cultura, raíces, edificios, lingua,... son elementos que configuran a “*memoria*”. Un pobo sen “*memoria*” é un pobo sen vida. Considero que esta é a razón de maior proxección e eficacia para conservar e dar a coñecer este patrimonio que se está esborrallando e perdendo de xeito irreparable se tardamos máis.

Dito isto, non me toca a min con esta memoria sinalar outras cuestións, posto que corresponde a outras entidades e especialistas facer a

gestión. Pero de levar a termo a intervención cabe afirmar a súa eficacia e previsión en numerosos ámbitos para o concello de Chantada e a súa comarca.

Velaí por que o que se propón urxe en numerosas dimensións.

CONCLUSIÓNS:

Reiterando e retomando o apuntado concúo dicindo que calquera abandono en historia, nas súas pedras, na súa documentación e, por conseguinte, no seu conxunto sería postergar a identidade dunha comarca, pois o mosteiro de Chantada é unha das entidades configuradoras das raíces históricas da nosa circunscrición, como pode probarse dende múltiples niveis da ciencia histórica e outros ámbitos.

Entendo que a actuación sobre o conxunto ten que ser urxente dado o estado ruinoso no que se atopa o edificio monacal. Ademais, hai elementos únicos en xogo dentro do conxunto como é a porta que une o claustro coa igrexa: o tímpano considerámolo un “*unicum*” dentro da iconografía galega.

Agardo que este simple apuntamento sirva para que as distintas entidades e organismos sociopolíticos, culturais e relixiosos defendan e non deixen perder a raigame histórica que configura unha bisbarra pola falta de asistencia a un edificio que, clamorosamente, demanda axuda e ser recuperado con toda urxencia antes de que o desastre faga perder o que xa devirá irrecuperable.

Alén diso, cómpre engadir a posta a disposición dun ben cultural que o pobo ten no esquecemento, e aínda máis as xeracións mozas, polo descoñecemento que teñen del dada a súa inaccesibilidade.

ANEXO FOTOGRÁFICO:

As fotografías que se inclúen foron tomadas hai tempo. Hoxe o que aparece como destrución e abandono estará exponencialmente multiplicado.

Preferiríamos presentar, por esixencias metodolóxicas do informe, fotografías actuais, mais foinos imposible o acceso. Pero, como indicamos, son elocuentes as ofrecidas para ver o estado en que pode atoparse hoxe, logo de anos do noso acceso ao interior.

Ado.:

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'José Méndez Pérez', written over two horizontal lines.

JOSÉ MÉNDEZ PÉREZ,

Licenciado en Teoloxía Pastoral

e doutorando en Ciencias Morais.

San Salvador de Asma, 28-9-2014

